

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A ASOCIACIÓN GALEGA DE FAMILIAS NUMEROSAS PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS NA CONSECUCIÓN DE BENEFICIOS E VANTAXES DESTINADOS ÁS FAMILIAS NUMEROSAS GALEGAS, NO ANO 2026.

Lugar e data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha banda, Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Igualdade, actuando en nome e representación da Consellería, no uso das facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, o Decreto 44/2024, do 14 de abril, do seu nomeamento, o Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, o Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade e o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991.

E doutra, Luís Sánchez González, presidente da Asociación Galega de Familias Numerosas, con DNI 76319881Q, que actúa en nome e representación da entidade, co NIF G15428600, en virtude do nomeamento que tivo lugar na reunión da Xunta Directiva da asociación o 21.11.2024, de conformidade co artigo 12 dos estatutos da entidade.

Ambas as dúas partes, no nome e representación en que concorren e con capacidade legal para subscribir o presente convenio



EXPOÑEN

PRIMEIRO. Que as administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras entidades públicas así como con persoas xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do artigo 6.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

SEGUNDO. Que a Comunidade Autónoma de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social e, en virtude desta competencia, foron aprobadas a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

TERCEIRO. Que a Consellería de Política Social e Igualdade, ao abeiro do disposto no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica, é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde o exercicio das competencias e funcións en materia de asistencia social incluíndo as políticas de apoio á familia, á infancia e á adolescencia.

CUARTO. Que dentro da política do Goberno en apoio á familia, a Xunta de Galicia puxo en marcha entre outras medidas, durante o ano 2001, o carné familiar que é unha tarxeta gratuíta, persoal, intransferible e non financeira que facilita a identificación dos membros integrantes das familias recoñecidas como numerosas e permite a estes o acceso a descontos e outro tipo de vantaxes que se poidan ofrecer ás ditas familias numerosas.

QUINTO. Que a Asociación Galega de Familias Numerosas (NIF G15428600) é unha entidade de iniciativa social, sen ánimo de lucro, inscrita no Rexistro central de Asociacións co número 2009-13114-1 que ten entre as súas funcións a defensa das familias numerosas, colectivo comprendido no ámbito competencial da Consellería de Política Social e Igualdade. A entidade ten o recoñecemento e inscrición no Rexistro



Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais desta consellería co núm. E-3218.

Así mesmo, asume entre os seus obxectivos a consecución da obtención das vantaxes máis beneficiosas para as familias numerosas en todos os ámbitos e especificamente en ocio, cultura, hostalería e outros similares.

Para iso, realiza unha labor de difusión entre as familias dos beneficios e vantaxes das medidas de apoio nos diversos ámbitos, así como da captación de empresas e entidades en xeral para a adopción das maiores vantaxes destinadas ás ditas familias numerosas, tanto en relación ás que xa veñen desenvolvendo esas medidas como das que se poidan incorporar á dita iniciativa.

SEXTO. Que a Consellería de Política Social e Igualdade, a través da dirección xeral competente en materia de familia, está interesada en apoiar esta actuación da Asociación Galega de Familias Numerosas como medida de apoio e axuda ás familias numerosas, mediante a concesión directa dunha subvención pública a través da formalización dun convenio de colaboración.

O carácter singular deste instrumento, sen convocatoria pública, xustifícase na exclusión da concorrència polo interese público que se persegue acadar, tendo en conta que a Asociación Galega de Familias Numerosas traballa en prol deste colectivo considerado de especial consideración e necesitado dun trato máis favorable de acordo coa Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia. Ademais é a única entidade de natureza asociativa de familias numerosas que existe a nivel autonómico e, polo tanto, a única que ten como obxectivo protexer e favorecer ás familias numerosas, o que fai que non sexa posible promover a concorrència pública de cara á concesión dunha subvención para tal fin.

O proxecto cumpre polo tanto, cos seguintes requisitos:

- O artigo 2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- O artigo 19.4.c) da mesma lei que establece que, con carácter excepcional, poderán concederse de forma directa as subvencións para aquelas actuacións que acrediten



razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificulten a súa convocatoria pública.

- O artigo 9 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, que inclúe as familias numerosas como un dos grupos de familias de especial consideración, o que supón desenvolver a prol delas un trato preferente en diferentes ámbitos segundo o que estableza a normativa sectorial correspondente, obriga recollida no artigo 18.

Por todo o anteriormente exposto, a Consellería de Política Social e Igualdade considera conveniente a sinatura do presente convenio de colaboración en base ás seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONVENIO

Constitúe o obxecto do presente convenio a concesión directa dunha subvención pública destinada ao financiamento por parte da Consellería de Política Social e Igualdade das actuacións desenvoltas pola Asociación Galega de Familias Numerosas consistentes na difusión dos beneficios e das vantaxes dos programas e medidas destinadas ás familias numerosas e do desenvolvemento de accións de captación de empresas e entidades en xeral que ofrezan vantaxes como medidas de apoio e axudas a ditas familias durante o ano 2026.

SEGUNDA. ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES

Son subvencionables a través deste convenio as actuacións da Asociación Galega de Familias Numerosas que de seguido se relacionan:

a) A cooperación coas institucións e entidades privadas na defensa, mellora e perfeccionamento dos dereitos outorgados ás familias numerosas na lexislación vixente e o asesoramento e información aos asociados acerca dos seus dereitos e prestacións.



b) O abastecemento de información ás empresas e entidades en xeral có obxecto de incentivar a novas empresas a aplicar medidas, actuacións e beneficios que favorezan ás familias numerosas.

c) A difusión de información entre as familias numerosas con carácter xeral, e, en particular entre os seus asociados, acerca dos beneficios que estas poden obter.

TERCEIRA. ORZAMENTO

1. O custo total das actuacións a desenvolver é de 83.390,76€. Para o cumprimento da finalidade destas actuacións a Consellería de Política Social e Igualdade achegará 32.224,72€, que serán imputados á aplicación orzamentaria 08.02.312B.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

2.A achega económica límitase á compensación de gastos e en ningún caso supón beneficio económico para a entidade coa que se subscribe o convenio.

CUARTA. COMPATIBILIDADE DA AXUDA

A subvención prevista neste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vai desenvolver a entidade beneficiaria.

QUINTA. OBRIGAS DA ENTIDADE BENEFICIARIA

1. Para poder ser beneficiaria da subvención, a Asociación Galega de Familias Numerosas deberá cumprir os requisitos sinalados no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia en concordancia co artigo 13 da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, entre outros, os que de seguido se relacionan:



- a) Non ter sido condenada mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.
- b) Non ter solicitado a declaración de concurso, non ter sido declarada insolvente en ningún procedemento, non ter sido declarada en concurso, salvo que neste tivera adquirido a eficacia dun convenio, non estar suxeita a intervención xudicial ou ser inhabilitada conforme ao Real decreto legislativo 1/2020, do 5 de maio, polo que se aproba o texto refundido da Lei concursal, sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
- c) Non dar lugar, por causa da que fora declarada culpable, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa administración.
- d) Non estar incurso a entidade beneficiaria, as súas persoas administradoras ou aquelas que ostenten a representación legal nalgún dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente.
- e) Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social ou non ter pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nos termos que regulamentariamente se determinen.
- f) Non ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.
- g) Estar ao corrente de pagamento de obrigas por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determine.
- h) Non ter sido sancionada mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo o establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, ou a Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

2. A Asociación Galega de Familias Numerosas debe cumprir, ademais, coas obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e que son entre outras, as seguintes:



a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

b) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar a Consellería de Política Social e Igualdade, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

c) Comunicar á Consellería de Política Social e Igualdade, a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse tan axiña como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

d) Acreditar que está ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, e de que non ten pendentes de pagamento débedas coa comunidade autónoma.

O cumprimento destes requisitos poderán ser comprobados pola consellería agás oposición expresa da persoa solicitante. No caso de oposición, deberán achegarse os certificados correspondentes ou ben presentar unha declaración de conformidade co disposto artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

e) Dar unha adecuada publicidade do carácter público do financiamento do investimento obxecto de subvención, de acordo co disposto no artigo 15.3 da lei 9/2007, do 13 de xuño e do artigo 20 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xaneiro de subvencións de Galicia. As medidas de difusión deberán adecuarse ao obxecto subvencionado, tanto na súa forma coma na súa duración, e poderán consistir na inclusión da imaxe institucional da entidade concedente, así como en lendas relativas ao financiamento público en carteis, placas conmemorativas, materiais impresos, medios electrónicos ou audiovisuais, ou ben en mencións realizadas en medios de comunicación.



f) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previsto no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

g) Cumprir cantas outras obrigas se deriven da execución deste convenio.

3. Asemade a entidade debe cumprir coa obriga de subministración de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. No caso de que a entidade beneficiaria non atenda ao requirimento de información en prazo, procederase conforme ao establecido no artigo 4.4 da citada lei.

SEXTA. GASTOS SUBVENCIONABLES

1. Consonte co disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, consideraranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada relacionada na cláusula segunda e se realicen no prazo establecido no convenio.

2. O importe da subvención destinarase a cubrir os gastos efectivamente realizados pola entidade, dende o 1 de xaneiro ata o 30 de novembro de 2026, relativos aos gastos necesarios para o desenvolvemento das actuacións recollidas na cláusula segunda.

AGAFAN	CUSTO
Nóminas de persoal	18.954,72€
Alugueiro oficina	12.000€
Mantemento web	750,00€
Aplicación móbil " Plataforma familias numerosas"	520,00€
TOTAL GASTOS	32.224,72€

3. A data límite de xustificación será o 30 de novembro do ano 2026. Non obstante, si existen cotas de seguros sociais de 2026 liquidables con posterioridade á data de xustificación o importe destes ingresos ou cotas considérase xustificado coa presentación do documento de gasto, factura ou documento equivalente, en que se reflicta o importe da retención ou cotización devengadas na data de xustificación, quedando a entidade beneficiaria obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación con data límite na primeira quincena de xaneiro de 2026.



4. Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación que remata o 30 de novembro de 2026.

5. En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda. O imposto sobre o valor engadido (IVE) poderase considerar gasto subvencionable cando a entidade beneficiaria acredite mediante a correspondente certificación que se encontra acollida ao réxime de exención do IVE.

SÉTIMA. FORMA DE PAGAMENTO E XUSTIFICACIÓN

1. Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

2. O libramento da subvención concedida farase nunha conta corrente da que sexa titular a entidade beneficiaria, nas seguintes condicións:

a) Ata o 80% do total concedido poderase facer efectivo mediante pagamentos parciais á conta da liquidación definitiva na medida que a entidade xustifique os gastos e os pagos realizados.

b) O 20% restante abonarase unha vez xustificada a realización da totalidade da actividade subvencionada aportando a documentación prevista nesta cláusula.

3. Para a xustificación do pagamento dos gastos das actuacións subvencionables a entidade deberá presentar a seguinte documentación:

a) Memoria económica da aplicación dos fondos destinados as actuacións a subvencionar a través do convenio, na que conste:

1º. Relación nominal dos traballadores/as que se inclúen como xustificación das actuacións a subvencionar a través deste convenio que deberá indicar os seguintes datos: mes que se xustifica, apelidos, nome, e NIF da persoa traballadora, base do



Imposto da Renda das Persoas Físicas, retribución líquida e bruta mensual de cada unha delas, data de pagamento das retribucións, importe da seguridade social con cargo á entidade, data de pagamento da seguridade social, porcentaxe de imputación e importe mensual total imputado. Ademais deberanse achegar os documentos que acrediten os custos de persoal: copia das nóminas e relación nominal de traballadores (RNT) e o seu pagamento (xustificantes bancarios das nóminas e recibos de liquidación á Seguridade Social (RLC).

2º. Unha relación clasificada dos gastos, con identificación do concepto, a persoa provedora, o importe (IVE detallado), a data de emisión e a data de pagamento.

b) Unha declaración complementaria das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas competentes ou dos seus organismos ou sociedades.

c) Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, deba ter solicitado, se é o caso.

d) Carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como os xuros derivados destes.

4. Así mesmo, antes de facer efectivo o 20% restante, a entidade deberá presentar ademais dos documentos aos que se refire o número 3, unha memoria das actuacións obxecto de subvención a través do convenio, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, así como dos medios e recursos empregados nas actividades a subvencionar.

5 Os gastos acreditaranse mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente, con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, acompañadas dos documentos que xustifiquen os pagamentos.



No suposto de que o importe do IVE supoña un custo real soportado, poderá ser considerado un gasto subvencionable. Neste caso deberase presentar un certificado relativo á situación da entidade co respecto ao IVE.

6. A Consellería de Política Social e Igualdade, a través da dirección xeral competente en materia de familia, poderá consultar a través de medios de interoperabilidade os datos elaborados polas administracións públicas sobre a situación de que a entidade se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, agás que medie oposición expresa da entidade, en cuxo caso a entidade deberá achegar adocumentación que a continuación se relacionan, ou ben presentar unha declaración de conformidade co artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño:

- a) Certificación positiva de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT)
- b) Certificación positiva de non ter contraída ningunha débeda de natureza tributaria coa Facenda Pública da Comunidade Autónoma, expedida pola Axencia Tributaria de Galicia.
- c) Certificación positiva de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social, expedida pola Tesourería da Seguridade Social.

7. Para a tramitación das condicións de pagamento previstas nesta cláusula, a entidade beneficiaria da subvención queda exonerada de constituír as garantías a que fan referencia os artigos 62.3 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por tratarse dunha institución sen fin de lucro, segundo menciona o artigo 65.4.f) deste mesmo decreto.

OITAVA. MODIFICACIÓN

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda, en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras



administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderán dar lugar á modificación do presente convenio de acordo co establecido no artigo 17.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño).

NOVENA. PUBLICIDADE DO CONVENIO

1. O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

2. De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

3. As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas nel poidan ser publicados no Portal de transparencia e Goberno Aberto.

DÉCIMA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DO CONVENIO

1. Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representadas as partes asinantes do convenio. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dúas persoas representantes da Consellería de Política Social e Igualdade e dúas persoas representantes da Asociación Galega de Familias Numerosas, designadas polas persoas que representen a cada unha das partes así como os seus suplentes.



2. A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas representantes da Administración designada pola persoa titular da Dirección Xeral competente en materia de familia.
3. A persoa que ocupe a secretaría, así como a súa suplencia será unha persoa adscrita á Dirección Xeral competente en materia de familia designada pola persoa que asuma a Presidencia, que actuará con voz pero sen voto.
4. Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO PRIMEIRA. INEXISTENCIA DE RELACIÓNS LABORAIS

1. Para levar a cabo os obxectivos e fins das actuacións a subvencionar a través deste convenio a entidade beneficiaria poderá contratar, con cargo ao orzamento previsto no presente convenio, o persoal que no seu caso, precise para o desenvolvemento das ditas actuacións.
2. A sinatura deste convenio non comporta relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo, entre os profesionais que van desenvolver as actividades e a Consellería de Política Social e Igualdade de xeito que non se lle poderá esixir a esta ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia deste convenio.

DÉCIMO SEGUNDA. INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

1. As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do



Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo a protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

2. Os datos persoais recadados neste convenio serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social e Igualdade coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que se derivada da xestión da concesión directa da subvención a través do dito convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

3. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme as referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

4. A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións axustarase a dita normativa e coas limitacións que esta establece.



5. Como destinatarias, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

6. As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.-xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

DÉCIMO TERCEIRA. RESOLUCIÓN DO CONVENIO

Serán causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- a) Incumprimento de calquera das cláusulas establecidas neste.
- b) A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a concesión.
- c) A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.
- d) Os demais supostos previstos no artigo 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

A tramitación do procedemento de reintegro realizarase de conformidade co disposto no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no título V do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

En caso de resolución, o convenio terá os efectos establecidos no artigo 52 da Lei 40/2015, de 1 de outubro:

DÉCIMO CUARTA.RÉXIME XURÍDICO

1. O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no



Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexeráse polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014, así como pola Lei 40/2015, de 1 de outubro.

2. A administración gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

3. As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, se a resolución fose expresa no prazo de un mes. Se o acto non fora expreso, poderá interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

DÉCIMO QUINTA.VIXENCIA DO CONVENIO

O presente convenio estará en vigor dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro do 2026.

Non obstante, os gastos das actuacións a subvencionar a través do presente convenio que realizase a Asociación Galega de Familias Numerosas dende o 1 de xaneiro de 2026



tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social e Igualdade.

E, en proba de conformidade de canto antecede e para a debida constancia, as partes asinan o presente convenio no lugar e data da súa sinatura dixital

A Conselleira de Política Social e
Igualdade

O Presidente da Asociación Galega de
Familias Numerosas

Fabiola García Martínez

Luís Sánchez González



